



Planta dun forno de cal modificada dun debuxo de Xaquín Lorenzo "Xocas".

04 Os usos do cal

o forno de cal Santo Adrán de Cobres

"...O cal nas súas diferentes variantes é un dos químicos máis antigos que o ser humano procesou e un dos máis utilizados actualmente. O seu desempeño en multitude de aplicacións valeulle o título de **químico versátil...**"
[Carola Sánchez]

AGRICULTURA

PRODUTO FITOSANITARIO. Como antifúnxico é un compoñente básico do caldo bordelés, mistura de sulfato de cobre e cal hidratado, usado ata hoxe na loita contra o mildio na vide; como antiparasitario utilízase en coadas de auga de cal para protexer os troncos das árbores dos insectos.

FERTILIZANTE. Composto en pó formado por calcio e magnesio. Mellora as propiedades físicas, químicas e biolóxicas do solo e promove unha mellor fixación dos nutrientes.

EQUILIBRADO DE SOLOS ÁCIDOS (Emenda). Mellora a estrutura e a porosidade dos solos subindo o pH, moi ácidos na maior parte de Galicia.



Arriba, aplicación do caldo bordelés na comarca do Ribeiro
Foto: Xenaro Martínez Castro

Fertilizante ou emenda. Tomeza, Vilaboa, 2019
Foto: Adrián Viñas

Saneamento de árbores. Pousada, Santo Adrán de Cobres, Vilaboa, 2019
Foto: Antía González

CONSTRUCCIÓN

MORTEIROS. Liga a cachotería, impide o paso do ar e da auga.

LUCIDOS E ESTUCOS. Recubrimento utilizado debido ás súas cualidades técnicas: plasticidade, durabilidade, transpirable ao vapor de auga e reversibilidade. Para colorealos úsanse pigmentos minerais.


RESTAURACIÓN. En monumentos históricos e bens culturais. Material máis respectuoso co soporte e moi versátil.



Detalle e casa co revestimento tradicional. Gondulfe, Taboada, Lugo
Foto: Lenzos de Terra e Cal



Encintado de xuntas. Igrexa de Santa Cristina de Cobres, Vilaboa, 2019
Foto: Breixo Rodríguez



Pared da casa de Argentina Crespo. Nores, Santo Adrán de Cobres, Vilaboa, 2019
Foto: Xulio Entenza



HIXIENE E SAÚDE

PINTURA ANTISÉPTICA E DESINFECTANTE.

En estancias públicas en etapas de epidemias (p.e. igrexas). Inhibidor da putrefacción das augas, para evitar o cólera, tifo e outras enfermidades infecciosas.

MEDICAMENTO. Gargarismos contra a difteria, larinxite, farinxite e amigdalite; por vía interna contra vómitos, diarreas, anti-acedo, fortalecedor dos ósos; ungüento con aceite de oliva sobre as queimaduras; vapores da cocción do cal no forno cando eran brancos para combater enfermidades pulmonares.



Anuncio en Blanco y Negro. Revista Ilustrada, 03/05/1914 e os tres, anuncios en Galicia Clínica nº 7, 07/1947.

ALIMENTACIÓN

CONSERVANTE. Elaboración de azucre de remolacha.

ADITIVO. Na industria láctea e para o procesamento de auga para bebidas alcohólicas.

NIXTAMALIZACIÓN. Tratamento do trigo e o millo para facer tortas.



A nixtamalización mellora a dixestibilidade
Fotos: Lenzos de Terra e Cal

GANDERÍA

PARASITICIDA. Ao gando vacún e ovino bañábaselle nunha solución de xofre e auga de cal contra a sarna, a súa acción cáustica e deshidratante volvía estériles os parasitos.

DESINFECTANTE. As cortes e galiñeiros píntanse con coadas de cal. Usouse como medida profiláctica; durante séculos a normativa sanitaria obrigaba a cubrir con cal viva os cadáveres de animais ou persoas mortas por enfermidades infecciosas: –“...ela díxome [a súa avoa, Carme Blanco, natural de Salcedo] que cando falecía un porco ou calquera animal grande de enfermidade o que facían era facer un focho, enterralo e verterlle enriba cal pura para que se descompuxera antes e non cheirase”– [Pablo Dios]

PROTECTOR DOS CULTIVOS FRONTE ANIMAIS.

–“...despois tamén me dixo que no pazo había un feixe de xabarís e sempre marcaban todas as árbores cos caninos e o que fixeron para arranxar esa desfeita foi pintar as árbores con cal e isto era como unha especie de repelente para os xabarís, porque segundo ela me dixo, non volveu haber problemas cos xabarís no pazo”– [Pablo Dios]

ADITIVO. Na elaboración de pensos animais.



Galiñeiro desinfectado con cal.
Salinas do Ulló, Vilaboa, 2019
Foto: Sanaa Aboufaris

Protección contra o xabarín. Salcedo, Pazo, Vilaboa, 2019
Foto: Pablo Dios

INDUSTRIA QUÍMICA

ADITIVO. Carga na fabricación da pintura de tráfico co obxectivo de estender o pigmento e contribuír ao efecto de recheo.



Pintura de tráfico.
A creta (pedra caliza natural 90% carbonato de calcio), engade consistencia, resistencia á abrasión e á escorregada. Canicouva, Paredes, Vilaboa, 2019
Foto: Sanaa Aboufaris